

Borrador de Decreto XX/2021, do X de XXXXXX, polo que se crea o *Centro Galego de Innovación da Formación Profesional*

PREÁMBULO

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que a regulación e a administración da educación en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, dispón da plena competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e das leis orgánicas que, segundo o punto primeiro do seu artigo 81, o desenvolvan, das facultades atribuídas ao Estado no número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e a súa garantía.

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de mellora da calidade educativa, e pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, no seu título I, capítulo V, dedicado á formación profesional, prevé no seu artigo 40 que se deben desenvolver as competencias de innovación e emprendemento que favorezan a empregabilidade e o desenvolvemento profesional dos e das estudantes.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, establece no seu artigo 12 que lle corresponde á Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional o impulso ao emprendemento, á investigación e á innovación na formación profesional. Neste contexto, unha das liñas estratéxicas da consellería é o fomento dunha formación profesional de calidade, onde a innovación e o fomento do emprendemento neste nivel educativo sexan vías para mellorar a calidade de vida da cidadanía de Galicia, xerando e atraendo actividades de alto valor engadido.

Dentro deste labor de impulso xorde o Centro Galego de Innovación da Formación Profesional, cuxa orixe está no convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, e a Deputación Provincial de Ourense. Este centro debe servir como escaparate, ante o tecido produtivo e a sociedade galega, das posibilidades de innovación e colaboración entre os ámbitos educativo e produtivo para o desenvolvemento de novas capacidades nas empresas de Galicia, aproveitando o capital humano e a experiencia dos centros galegos de formación profesional. Igualmente, debe mellorar as capacidades da rede de centros galegos de formación profesional para permitir o desenvolvemento empresarial das innovacións que xurdan neles.

O Centro Galego de Innovación da Formación Profesional debe ser un demostrador de proxectos de innovación xurdidos no ámbito da formación profesional.

Así mesmo, nace coa vocación de formar no uso de novas tecnoloxías vinculadas aos procesos produtivos, dentro do marco da Axenda de competitividade de Galicia: industria 4.0, para impulsar unha industria renovada, moderna, innovadora e competitiva a nivel global. Aliñado con esta estratexia, o Centro Galego de Innovación da Formación Profesional contará con equipamentos singulares, que aglutinan boa parte da innovación nos centros educativos de formación profesional e da demanda de I+D+i do tecido empresarial galego.

Neste sentido, terá especial relevancia a realización de actividades vinculadas coa biotecnoloxía e a biociencia, como unha das industrias con máis proxección de futuro, tanto no ámbito sanitario, como no alimentario, no químico ou no ambiental.

A especialización en fabricación aditiva, a través da impresión 3D, é unha das tecnoloxías disruptivas e innovadoras con máis achega de valor nos procesos produtivos das pequenas e medianas empresas dun bo número de sectores.

A simulación de procesos, como os xemelgos dixitais para mellorar a eficiencia dos procesos produtivos, a formación e o adestramento das persoas empregadas, a mellora da seguridade e a redución de riscos no emprego de equipamentos, son campos cun futuro claro.

A industria 4.0. dálle cabida a todas as tecnoloxías necesarias para a transformación dixital dos sistemas produtivos das empresas galegas: desde a robótica colaborativa ata a intelixencia artificial, o *big data*, a ciberseguridade, a explotación e o aproveitamento dos datos e da información para a mellora da eficacia e da eficiencia dos procesos produtivos e de negocio.

A industria enerxética, en especial o relacionado coas enerxías renovables e a xeración e a distribución eficientes, son un dos sectores estratéxicos sobre os que pivota a transición empresarial da política ambiental europea nos próximos anos.

Todos estas áreas de traballo deben marcar as liñas estratéxicas dunha formación profesional que xerará un capital humano altamente cualificado e demandado pola industria e polas empresas galegas do século XXI.

O Centro Galego de Innovación da Formación Profesional, por tanto, debe permitir o desenvolvemento de proxectos de innovación con empresas, que redunden nunha mellora da formación profesional para facilitar unha empregabilidade de calidade e alto valor engadido.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, e logo do acordo do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día X de XXXX de dous mil vinte e un,

DISPOÑO

Primeiro. *Natureza*

1. O Centro Galego de Innovación da Formación Profesional é un órgano desconcentrado encargado da investigación e da innovación aplicada e a transferencia dos resultados dos proxectos de I+D+i a todos os centros que impartan formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O Centro ten natureza de servizo de investigación, innovación e apoio á docencia, así como a diferentes organismos e empresas, e queda adscrito organicamente á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dependendo orgánica e funcionalmente desta no desenvolvemento das funcións que se determinan neste decreto.

Segundo. Fins e funcións

1. Son fins do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional.

a) A investigación, o desenvolvemento e a innovación no ámbito da formación profesional, impulsando a relación dos centros que a imparten coas empresas, cos centros tecnolóxicos e cos departamentos de investigación universitarios e non universitarios.

b) A formación do profesorado dos centros que imparten formación profesional nas tecnoloxías que vaian emerxendo nos sectores produtivos.

c) O avance en novos contornos que melloren os procesos de aprendizaxe, impulsando a internacionalización e desenvolvendo a mellora continua da formación profesional.

d) O impulso a innovación e o emprendemento no alumnado, a través dos centros que imparten formación profesional.

2. Para isto, o Centro Galego de Innovación da Formación Profesional realizará as seguintes funcións:

a) Darlle continuidade ao desenvolvemento empresarial dos proxectos de innovación que se inicien nos centros educativos galegos de formación profesional.

b) Darlles continuidade a proxectos de emprendemento nados en viveiros o aulas de emprendemento da rede de centros educativos galegos de formación profesional e que requiran capacidades de equipamento empresarial.

c) Servir de escaparate ante o tecido empresarial e ante a sociedade das capacidades de innovación dos centros educativos galegos de formación profesional, amosando os proxectos de innovación de interese para os diversos sectores.

d) Servir de nexo de colaboración entre centros con intereses nunha liña de innovación común.

e) Pór á disposición da rede de centros de formación profesional recursos singulares de innovación que non se atopen nos centros educativos galegos.

- f) Aproveitar os proxectos de innovación expostos nos centros, os recursos singulares e o profesorado capacitado para dotar o profesorado de novas competencias e cualificacións, e mesmo estender esta capacidade á posibilidade de dotar de novas competencias e cualificacións as persoas empregadas do tecido empresarial galego.
- g) Recoller as demandas de innovación do tecido empresarial que poidan ser desenvolvidas nos centros educativos galegos de formación profesional.
- h) Impulsar os procesos de innovación tecnolóxica na formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de que a formación profesional sexa máis competitiva e dinámica.
- i) Desenvolver proxectos de formación con novos modelos metodolóxicos con anticipación ás necesidades emerxentes.
- j) Impulsar os procesos de innovación na xestión nos centros que imparten formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, para crear estruturas máis flexibles, dinámicas e participativas, baseadas na colaboración, na confianza nas persoas, na autonomía e na capacidade de xestión dos equipos.
- k) Impulsar e coordinar proxectos de innovación aplicada entre centros que imparten formación profesional e o tecido empresarial para a mellora dos procesos produtivos e dos produtos.
- l) Ofrecer e impartir formación en innovación tecnolóxica e en novas tecnoloxías aplicadas á produción e aos servizos, dirixida ao profesorado de formación profesional dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.
- m) Abordar diferentes proxectos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, no do Estado e no internacional.
- n) Desenvolver todas as funcións que lle sexan encomendadas pola secretaría xeral competente en materia de formación profesional.

Terceiro. *Plan estratéxico e plan anual*

1. O plan estratéxico será plurianual e conterá, polo menos, os seguintes aspectos:
 - a) Os obxectivos que, para o cumprimento das funcións asignadas ao centro, se desenvolvesen no período temporal de referencia do plan.
 - b) A función concreta á que se dirixe cada obxectivo.
 - c) As accións para conseguir os obxectivos planificados.
 - d) O cronograma de cumprimento.
 - e) Os indicadores de cumprimento.
2. O plan anual é o documento que desenvolve, para cada exercicio económico, o cumprimento do plan estratéxico.

3. Tanto o plan estratéxico como o plan anual, serán aprobados polo consello executivo.

Cuarto. *Órganos reitores*

1. Son órganos reitores do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional o consello executivo e o equipo directivo.

2. O equipo directivo estará constituído polo director ou directora e polo secretario ou secretaria.

Quinto. *Consello executivo*

1. O consello executivo, presidido pola persoa titular da secretaría xeral competente en materia de formación profesional, intégrano os seguintes membros:

a) A persoa titular da secretaría xeral competente en materia de formación profesional.

b) A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional, que exercerá a vicepresidencia.

c) A persoa titular da dirección do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional, que actuará como vogal.

d) Unha persoa en representación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que actuará como vogal.

e) Tres vogais en representación da Deputación Provincial de Ourense.

f) Ata tres vogais en representación dos axentes económicos e sociais, por proposta do consello executivo, que serán nomeados/as polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade. O nomeamento será por catro anos e poderán ser reelixidos/as para o cargo.

Actuará como secretario ou secretaria, con voz pero sen voto, un funcionario ou unha funcionaria da secretaría xeral competente en materia de formación profesional.

2. O consello executivo exerce as seguintes funcións:

a) Aprobar o plan estratéxico do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional.

b) Aprobar o plan anual.

c) Informar o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade sobre as necesidades económicas e de persoal do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional, para os efectos da elaboración do anteproxecto de orzamento anual de gastos da consellería.

d) Aprobar o regulamento de réxime interior do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional.

e) Aprobar a memoria anual relativa ao desenvolvemento de actividades.

f) Proporlle ao conselleiro de Cultura, Educación e Universidade a subscrición de convenios con organismos públicos ou privados para o mellor cumprimento e desenvolvemento dos seus fins.

g) Coñecer todos os asuntos que, pola súa transcendencia para o cumprimento dos fins do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional, lle sexan sometidos polo director ou a directora deste.

h) Informar acerca das normas de desenvolvemento deste decreto.

3. O consello executivo reunirse como mínimo dúas veces ao ano e, ademais, por solicitude de calquera das partes.

Sexto. *Director ou directora*

1. O director ou a directora é a persoa responsable do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional, e representante da administración educativa.

2. O director ou a directora será unha persoa funcionaria de carreira pertencente a algún dos corpos docentes que imparten as ensinanzas establecidas na lei orgánica de educación, con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Será nomeado ou nomeada mediante convocatoria pública para a provisión de postos de libre designación.

4. Son funcións do director ou a directora:

a) Exercer a representación do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional.

b) Asumir a responsabilidade da xestión do centro, a dirección dos seus servizos e a xefatura de persoal.

c) Dirixir, orientar, impulsar, coordinar, inspeccionar e supervisar o cumprimento dos fins e das actividades do centro, ditando as instrucións precisas para o bo funcionamento deste, cando esta facultade non lle corresponda a outro órgano.

d) Elaborar e someter á aprobación do consello executivo o plan estratéxico e os programas anuais de actividades do centro que desenvolven o plan estratéxico.

e) Aprobar os orzamentos e a conta de xestión dentro da asignación orzamentaria que lle sexa atribuída pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

f) Autorizar os gastos e efectuar os pagamentos, de acordo co orzamento do centro.

g) Preparar e someter ao consello executivo a memoria anual de actividades do centro.

h) Visar as certificacións e os documentos oficiais do centro.

- i) Someter a coñecemento do consello executivo os demais asuntos transcendentales para o cumprimento dos fins do centro.
- j) Propor o nomeamento da persoa que ocupe a secretaría do centro, e as direccións de área, de acordo co establecido nos artigos 8 e 10.
- k) Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias.

Sétimo. *Secretaría do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional*

1. O secretario ou a secretaria será nomeado ou nomeada pola secretaría xeral da que dependa a formación profesional, por proposta da dirección do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional, entre o persoal do centro o os asesores ou as asesoras, e dedicará unha parte do seu horario ás funcións propias da secretaría.

2. A persoa responsable da secretaría desenvolverá as seguintes funcións:

- a) As da dirección, no caso de ausencia e/ou doenza do director ou a directora.
- b) Responsabilizarse da xestión administrativa, patrimonial e do persoal adscrito a este, do asesoramento ás súas unidades, da xestión económica e do control do orzamento e, en xeral, de cantas funcións non estean atribuídas ás restantes unidades administrativas.
- c) Calquera outra función que lle encomende a dirección, dentro do seu ámbito de competencias.

3. O secretario ou a secretaria cesará nas súas funcións polos seguintes motivos:

- a) Por proposta do director do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional, aceptada pola secretaría xeral da que depende a formación profesional.
- b) No momento en que cese na función asesora.
- c) Por renuncia motivada, incapacidade física ou psíquica, ou revogación acordada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- d) En todo caso, o secretario ou a secretaria cesará cando cese o director ou a directora do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional.

Oitavo. Persoas asesoras.

1. Os asesores e asesoras do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional serán seleccionados mediante concurso público de méritos pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que determinará os requisitos das persoas candidatas e os criterios de selección.

2. Estas persoas serán nomeadas, en réxime de comisión de servizos e con reserva do posto de traballo de orixe, por períodos anuais, renovables ata un máximo de seis anos

establecéndose, ao final de cada período anual, un proceso de avaliación sobre o exercicio das súas funcións que determinará a súa continuidade ou non.

Noveno. Funcionamento

1. O Centro Galego de Innovación da Formación Profesional disporá para o seu funcionamento dos medios materiais e persoais que lle sexan asignados polo consello de goberno, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.
2. Disporá, así mesmo, dos medios económicos que se lle asignen nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia.
3. Para o desenvolvemento da súa actividade, o Centro Galego de Innovación da Formación Profesional poderá obter a colaboración de persoal da Administración da Xunta de Galicia e establecer convenios ou contratos con outras administracións públicas ou empresas privadas.

Décimo. Estructura organizativa

1. Para o cumprimento das funcións que lle son propias, o Centro Galego de Innovación da Formación Profesional estruturarase en áreas de coñecemento, que serán fixadas polo consello executivo, por proposta da dirección do centro.
2. En cada Área integraranse os asesores e as asesoras en función da súa especialidade docente.
3. Cada área contará cun xefe ou unha xefa de área, que será nomeado ou nomeada por un período dun ano polo director ou a directora do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional, oídos os membros da área, de entre as persoas asesoras docentes que a constitúan.
4. Os xefes ou as xefas de área cesarán nas súas funcións ao final do seu mandato, cando cesen na función asesora ou por proposta do director ou da directora do centro, oído o equipo de asesores e asesoras e as persoas interesadas.
5. Os xefes ou as xefas de área coordinarán as actividades do persoal da área e outras que lles asigne o director ou a directora do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional.
6. Corresponderalle á Consellería de Cultura, Educación e Universidades determinar o número de persoas asesoras de formación que se integren en cada área, os requisitos e o proceso de selección destas, así como o proceso de avaliación que determine a súa continuidade.

Décimo primeiro. Funcións dos asesores e as asesoras do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional

1. Serán funcións dos asesores e as asesoras do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional as seguintes:

- a) Participar na elaboración, no desenvolvemento e na avaliación dos plans anuais.
- b) Seleccionar os proxectos de innovación que deban ser obxecto de demostración.
- c) Desenvolver e avaliar proxectos de investigación e innovación.
- d) Promover a innovación e as actividades de intercambio, debate e difusión de experiencias educativas entre o profesorado dos centros de formación profesional.
- e) Calquera outra que a Administración educativa lles encomende, en relación cos obxectivos propios do centro.

Décimo segundo. *Orzamento e ingresos*

1. A consellería competente en materia de educación consignará anualmente dentro do seu orzamento a dotación económica necesaria para a realización das funcións asignadas ao centro.
2. Tamén se integrarán no seu orzamento os ingresos que poida obter por convenios ou contratos con outras administracións públicas ou empresas privadas.
3. O centro poderá xestionar a protección dos resultados dos seus proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación, a través de patentes ou outras figuras legais. Os ingresos xerados pola cesión destes dereitos deberán reinvestirse no seu orzamento. Preferentemente, o investimento nos resultados da investigación e a súa valorización deberá levarse a cabo nos termos previstos no artigo 36 da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.

Décimo terceiro. *Contratación*

1. En relación cos contratos que deban efectuarse para o funcionamento do centro, a persoa titular da súa dirección terá a condición de órgano de contratación naqueles que, conforme a normativa reguladora da contratación do sector público, teñan a consideración de contratos menores. En relación con eles, competeralle igualmente a autorización do gasto correspondente.
2. Para os restantes contratos, deberá efectuar a oportuna solicitude ao órgano de contratación da consellería competente en materia de educación para o inicio e a substanciación do correspondente expediente de contratación.

Disposición adicional primeira

O centro contará co persoal de administración e servizos necesario para o cumprimento efectivo dos fins para os que foi creado, dentro das dotacións de persoal existentes na Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Disposición adicional segunda

Disposición derradeira primeira

Autorízase a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para ditar, dentro do ámbito das súas competencias, as normas precisas para a aplicación e o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

